

SACRA EXPERIENCE

FEBREIRO- AGOSTO 2024
LUGAR DE PINCELO. A SARIÑA, CHANTADA



ÍNDICE

Introdución
Cohabitar a creación

PROGRAMACIÓN

FEBREIRO	<i>Cohabitar a creación</i>
MARZO	<i>Residencia de creación Patricia Moro</i> <i>Retiro de ioga en familia</i>
ABRIL	<i>Retiro de ioga memorias del alma</i> <i>Cohabitar a creación Mercedes Peón</i>
MAIO	<i>Residencia Sacra Festival</i> <i>Concerto Davide Salvado e Cibrán Seixo</i> <i>Residencia de Danza María Cabeza</i>
XUÑO	<i>Habitados</i> <i>Obradoiro para el territorio Janet Novás</i> SACRA FESTIVAL
XULLO	<i>Cerebrartes</i> <i>Obradoiro de fotografía David Jiménez</i> <i>Obradoiro de cinematografía Oliver Laxe</i>

INTRODUCCIÓN

Formación interdisciplinar e espazo de creación compartida en **Pincelo**: unha aldea ao pé do río Miño na Ribeira Sacra

Trátase dun proxecto regular de talleres, encontros e un Coliving Artístico.

Os talleres admiten un mínimo de 10 e un máximo de 15 alumnos/as de venres a domingo. O Coliving Artístico e as residencias interdisciplinares para creadores son de artes escénicas, música, artes plásticas, literatura, deseño e artes visuais. Teñen unha semana de duración.

O prezo dos obradoiros son 200 euros para adultos a fin de semana e para nenos/as 50 euros.

As residencias entran dentro da convocatoria cofinanciada por diferentes entidades públicas e privadas e cobren aloxamento e comidas durante unha semana de traballo para un máximo de catro creadores.

Do mes de febreiro ao mes de xullo levaranse a cabo, ademais de talleres e residencias, encontros de pensamento. Tamén abrimos a compañías e creadores o espazo para poder alugar durante un mínimo de tres e un máximo de sete días para aqueles creadores que dispoñen de financiación propia ou institucional.



INTRODUCCIÓN

Sacraexperience pertence á Rede Aldear xunto con máis de 20 asociacións de persoas que viven nas aldeas de Lugo e Ourense e colabora, tamén, coa Rede Museística Provincial de Lugo, Fundación Ronsell, Concello de Chantada, Cinema Palleiriso e Espazo Os Casares.

Este espazo no medio rural tamén abrangue estes procesos de creación previos ao festival, Sacrafestival expandido como Artes para unha paisaxe, que terá lugar entre o mes de maio e o mes de agosto do ano 2024 en colaboración con diferentes entidades públicas e privadas coma Xunta de Galicia, Consorcio da Ribeira Sacra, GDR Miño-Ulla, Fundación Ronsell, Estrella Galicia, Concello de Chantada, Gadisa, Rede Museística Provincial de Lugo e Vicepresidencia da Deputación de Lugo.



COHABITAR A CREACIÓN

Convocatoria de Coliving Artístico

Os artistas enviarán o seu proxecto e unha biografía ao mail experimentadanza@yahoo.es e seleccionaranse 5 artistas ou compañías. Poderán ser un mínimo dun creador/a e un máximo de 4 que se aloxarán nun dos nosos espazos con vistas ao río Miño podendo traballar no espazo interior que mide uns 40 metros cadrados e na terraza exterior de 60 metros. No caso de teatro e danza colaboramos ata que se inaugure a nosa nova aula no mes de xullo co espazo Os Casares, un espazo de 120 metros cadrados a media hora de Pincelo.

Os artistas que precisen un espazo destas dimensións, sobre todo danza e teatro, deberán dispor de transporte propio para os desprazamentos.

As salas dispoñen de equipa de música, dous micros, proxector e pantalla e conexión a internet, nun espazo no medio das viñas e o carón do Río Miño.

Haberá un intercambio co noso proxecto que será a mostra do traballo coma despedida ou un faladoiro sobre o seu proceso artístico para a Comunidade.

Estas accións realizaranse no Auditorio de Chantada, Casa da Cultura ou tamén na Alameda de Chantada, aberto a toda a xente da vila para, así, compartir coñecemento e crear diálogos entre o saber do artista e o territorio.

No caso das residencias de creación para a comunidade previas ao festival, amosaranse no Sacraexpandido 2024.

Os artistas enviarán o seu proxecto e biografía a experimentadanza@yahoo.es e seleccionaranse 5 artistas ou compañías. Poderán ser un mínimo de un creador e un máximo de 4 que se aloxarán nun dos nosos espazos con vistas ao Río Miño. Podendo traballar no espazo interior que mide uns 40 metros cadrados e na terraza exterior de 60 metros. No caso de teatro e danza colaboramos ata que se inaugure a nosa nova aula no mes de xullo co espazo Os Casares, un espazo de 120 metros cadrados a media hora de Pincelo.



COHABITAR A CREACIÓN

Convocatoria de Coliving Artístico

Os artistas que precisen un espazo destas dimensións, sobre todo danza e teatro, deberán dispor de transporte propio para os desprazamentos.

As salas dispoñen de equipa de música, dous micros, proxector e pantalla e conexión a internet, nun espazo no medio das viñas e o carón do Río Miño.

Haberá un intercambio co noso proxecto que será a mostra do traballo coma

despedida ou un faladoiro sobre o seu proceso artístico para a Comunidade.

Estas accións realizaranse no Auditorio de Chantada, Casa da Cultura ou tamén na Alameda de Chantada, aberto a toda a xente do Pobo para, así, compartir coñecemento e crear diálogos entre o saber do artista e o Territorio.

No caso das residencias de creación para a comunidade previas ao festival mostraranse no Sacraexpandido 2024.



PROGRAMA MAIACIÓN

PROGRAMACIÓN

FEBREIRO	<i>Cohabitar a creación</i>
MARZO	<i>Residencia de creación Patricia Moro</i> <i>Retiro de ioga en familia</i>
ABRIL	<i>Retiro de ioga memorias do alma</i> <i>Cohabitar a creación Mercedes Peón</i>
MAIO	<i>Residencia Sacra Festival</i> <i>Concerto Daive Salvado e Cibrán Seixo</i> <i>Residencia de Danza María Cabeza</i>
XUÑO	<i>Habitados</i> <i>Obradoiro para el territorio Janet Novás</i> SACRA FESTIVAL
XULLO	<i>Cerebrartes</i> <i>Obradoiro de fotografía David Jiménez</i> <i>Obradoiro de cinematografía Oliver Laxe</i>

FEBREIRO

COHABITAR A CREACIÓN

Convocatoria de Coliving Artístico

DO 2 AO 4 DE FEBREIRO

Residencia de creación de Alejandra Aguirre , Carlota Pérez e Leticia Bellón no proxecto “Arribeiradas”, un documental sobre catro mulleres que viven todo o ano en catro aldeas da Ribeira Sacra, mulleres de diferentes xeracións dos 30 aos 80 anos.

CARLOTA PÉREZ



ALEJANDRA AGUIRRE



LEDICIA BELLÓN



“SACRA”

MARZO

RESIDENCIA CREACIÓN

Patricia Moro

DO 11 AO 17 DE MARZO

“Creo no poder transformador da arte. Nacida en Madrid no 1990. Apaixonada pola danza desde que teño uso de razón, aos 17 anos decidín formarme como profesional e desde entón non parei de ampliar os meus coñecementos tanto en flamenco como en danza clásica e contemporánea. Combino o meu constante aprendizaxe con espectáculos, performances, proxectos audiovisuais e como docente.”



MARZO

RETIRO DE IOGA EN FAMILIA

Asthanga Ioga Coruña

DO 28 O 30 DE MARZO

Sabado de 11:00 a 14:00: Tarde de disfraces e festas do Entroido.

Domingo de 11:00 a 13:00 horas: Obradoiro

Os nenos/as que pernoctan quedaranse nos nosos espazos de Sacraexperience.

Máximo 15 rapaces.



ABRIL

OBRADOIRO DE IOGA

Retiro de ioga memorias del alma

7, 8 E 9 DE XUÑO

SACRA EXPEREINCE

El sendero del corazón. las memorias del cacao. O carreiro do corazón. as memorias do cacao. A planta sacra do Cacao, tamén coñecida como o alimento dos deuses, é un planta medicinal que foi utilizada durante miles de anos polas culturas maya e azteca de América do sur e central. O cacao ten múltiples vitaminas e minerais que axudan ao corpo para desintoxicar e sandar. Ademais é unha planta terapéutica que nos axuda a conectar o corazón á mente para experimentar unha alma libre.

¿Qué che espera?

- A limpeza da alma
- Bailar co espíritu dos catro elementos: terra,aire,auga e lume.
- Tomar l'Espíritu da planta sacra do cacao
- Carta astrolóxica do amor e o tarot.

PLAN DE FIN DE SEMANA:

Venres 7: Benvida, círculo de presentación, introdución á historia da prata sacra, bowspring relax, meditación sacra.

Sábado 8: Saúdo ao sol, excursión, baño de purificación floral, limpeza chamaca, bowspring, baile con espíritu dos 4 elementos, ioga.

Domingo 9: Saúdo ao sol, lectura astrolóxica, lectura do tarot, peche de círculo.

ABRIL

COHABITAR A CREACIÓN RESIDENCIA DE CREACIÓN

Mercedes Peón

DO 8 AO 14 DE ABRIL EN **PINCELO**

Aos 13 anos escoitou as pandereteiras da Costa da Morte, o que a impulsou con 17 anos a percorrer as aldeas e vilas de Galicia, entre elas a aldea dos seus avós maternos en Oza dos Ríos, Recollendo a música e tradicións do pobo galego para gardalas e transmitilas ás novas xeracións.

Formou parte do grupo folclórico Xacarandaina. En 1991 foi a primeira muller en participar no Trofeo MacCrimmon de Gaita (entón chamado Trofeo Macallan). Adicouse durante 17 anos á ensinanza da música e o baile tradicionais de Galicia en escolas municipais. Acadou souna como presentadora dunha sección no programa de entretemento Luar da Televisión de Galicia no que traballou amosando as súas investigacións de máis de 10 anos percorrendo as aldeas galegas na busca das tradicións orais e músicas ancestrais.

Formou o grupo Ajrú, co que gravou uns temas recollidos no compilatorio "Naciones Celtas II". No 2000 deu vida ao disco "Isué", no cal dá a súa interpretación persoal aos temas que gardara durante anos na súa gravadora. A innovación é tan sorprendente que as recompensas choven dentro e fóra do país (mellor disco do ano segundo a revista Folkworld e nomeamento á Mellor Artista do Ano na BBC Radio 3).

Mercedes Peón participou no Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira en 2002 e 2007 e na edición do festival Womex de 2010 en Copenhague. Ademais, participou en congresos e festivais falando sobre a creación colectiva, organizados polo Consello da Cultura Galega, a Universidade da Sorbona, Universidade de Gales, Universidade de Lisboa, Museo do Pobo Galego, homenaxe ao gaitero Ourense ou AGG.



ABRIL


COHABITAR A CREACIÓN RESIDENCIA DE CREACIÓN

Mercedes Peón

DO 8 AO 14 DE ABRIL EN **PINCELO**

Tamén participou no espazo de pensamento e creación contemporánea de La Caldera (Barcelona), Mulheres e música. Representatividade e emancipación na música popular e tradicional (Estudos Galegos da Universidade Nova de Lisboa) ou os encontros de Pamplona xunto a Maria PTQK e Mireia Sallarés.

Para o teatro compuxo a música do espectáculo “O quiosco das almas perdidas” do Centro Coreográfico Galego ; realizou o asesoramento sonoro e composición electroacústica para o espectáculo “Concerto desconcerto” da compañía Entremáns; composición da música para a obra “Solo dos” de Maruxa Salas.



MAIO

RESIDENCIA DE CREACIÓN PARA O SACRAFESTIVAL

Davide Salvado e Jordi Cortés

DO 17 AO 19 DE MAIO.

 Lugar: Igrexa de San Xoan da Coba. Carballeda

Nesta residencia, que se levará a cabo no mes de abril e no mes de maio , 6 bailaríns, músicos e actores compartiran traballo con estes dous creadores de música e danza e con 3 habitantes das aldeas disgregadas pola Ribeira Sacra do Miño. Intervirán esta igrexa románica ubicada nun espazo máxico e dende onde se pode ver o río Miño. Esta paraxe será o lugar , así como os arredores, para crear unha peza curta de danza-teatro e música que se representará no Sacrafestival no mes de xuño do 2024.



MAIO

RESIDENCIA DE CREACIÓN PARA O SACRAFESTIVAL

Davide Salvado e Jordi Cortés

DO 17 AO 19 DE MAIO

Davide Salvado

Davide Salvado é, sen dúbida, unha das voces máis carismáticas do noso país. Con formación autodidacta, pasou media vida percorrendo as aldeas en busca de ritmos, coplas e danzas, aprendendo non só a tradición musical, senón todo un estilo de vida. O seu amor por estas prácticas tradicionais e o respecto pola terra fan que a súa maneira de entender o canto vaia máis aló da simple música.

En 2003, comezou a súa carreira profesional xunto a Ugia Pedreira (Marful) e o grupo Ecléctica Ensemble. Pouco despois, únese como cantante e percusionista á banda do recoñecido gaiteiro Budiño, coa que percorreu escenarios de medio mundo. A súa versatilidade permitiulle tamén achegarse a xéneros como o cabaret ou o teatro. Davide colaborou en varios traballos discográficos, incluíndo "Galiza" de Kepa Junkera ou "Sing me Home" de Yo-Yo Ma & Silk Road Ensemble, gañador do Grammy 2017 ao Mellor Álbum de Música do Mundo.

En 2011, editou o seu primeiro traballo en solitario, "Árnica Pura", producido por Eliseo Parra, que esgotou catro edicións. Tras dous anos de xira, presentou "O Ladrón de Amorodos", un espectáculo a trío co acordeonista Santi Cribeiro (Berrogüetto) e o percusionista e gaiteiro Cristian Silva. Grazas a este espectáculo, Davide foi seleccionado polo xurado internacional para a sección oficial de Womex 2014, a feira de música do mundo máis importante. En febreiro de 2015 editouse o disco "Rústica", un proxecto especial e efémero xunto a Cristina Pato, Anxo Pintos e Roberto Comesas, que recibiu moi boas críticas. En 2015 editou o seu novo disco en solitario, "Lobos", producido por Pedro Pascual (Talabarte, Marful), onde está arroupado por músicos de gran calibre. "Lobos" está feito desde o corazón, un agradecemento a todas esas pandereteiras e bailadoras maiores que ensinaron a Davide a ser o que é.



MAIO

RESIDENCIA DE CREACIÓN PARA O SACRAFESTIVAL

Davide Salvado e Jordi Cortés

DO 17 AO 19 DE MAIO EN **PINCELO**

Jordi Cortés

Comezou a explorar a súa paixón pola danza desde unha idade moi temperá na privacidade do seu cuarto e xa en 1982 ingresou no Departamento de Danza do Instituto do Teatro. En 1984 case morre de un infarto no escenario mentres presentaba o seu primeiro solo "Solitud" durante a Maratón do Espectáculo.

A partir de entón, colaborou con diversos artistas e compañías en Barcelona, como Avelina Arguelles, Iago Pericot, Ramon Olle-Metror e Angels Margarir Mudances. Formou parte de Lanónima Imperial xunto a Juan Carlos García e outros artistas durante varios anos. En 1990 cumpriu o seu soño de traballar con DV8 Physical Theatre en Londres, onde estivo seis anos antes de aventurarse en proxectos internacionais en países e lugares como Nova Zelandia, Nova York, Brasil e Eslovenia.

Desde o ano 2000 reside en Barcelona, onde crea o seu propio traballo en colaboración con artistas como Damián Muñoz, Isabel Vázquez e Carlota Pérez, entre outros. Involucrouse en proxectos con colectivos de artistas con diversidade funcional, sensorial, sexual, mental e xeracional, o que o levou a crear e participar en proxectos como "Performing Gender", "Brickskin", "Fuck-In-Progress", "Blackout", "Fossil", "Vitriol" e o colectivo de danza e diversidade Liant La Troca.

Actualmente, participa en proxectos con diversos artistas e compañías en Galicia, Estocolmo, Noruega, Alemaña, Nova York e Holanda, explorando e expandindo continuamente a súa arte e o seu compromiso coa diversidade na danza.

MAIO E XUÑO

OBRADOIRO DE CREACIÓN TEATRAL PARA ADOLESCENTES

Alma García

24-25-26 DE MAIO Y 1-2 DE XUÑO EN **CHANTADA**

Este taller ten como obxectivo a creación de como podería ser unha pequena peza teatral cuxa voz principal sexa a de adolescentes que falen sobre aquilo que lles conmove, que lles doe ou que lles preocupa da súa día a día. Son dúas #fin# de semana consecutivas nos os que se ensaiará sobre escenas que partan dun material xerado de forma colectiva. Un espazo e un momento para gritar, pensar e bailar ata darse conta de cales son estes “abismos da mocidade” que necesitan un altofalante para expresarse.

Alma García

É dramaturga, filóloga hispánica e actriz formada na escola de interpretación Work in Progress de Darío Facal e Timbre 4 con Claudio Tolcachir.

Comeza a súa carreira como dramaturga cando se vincula á compañía VENEZIA TEATRO coa lectura dramatizada QBSM na Biblioteca Nacional. En 2020 estrea a súa primeira obra de teatro no Fernán Gómez de Madrid con Ben está que fose a túa terra, Galdós, dirixida por José Gómez Friha.

Tamén é autora de obras como Non Confeso, estreada no Festival de Artes pola Integración (A Coruña) e do Retablo dos Monstros, en Fundación Mirò, Mallorca, a tamén dirixe. En Baleares colabora nun proxecto de creación teatral “a loita contra o estigma na saúde mental a través da arte” con actores con diagnóstico mental grave da asociación A Nostra Veu.

A súa última obra estreada en novembro de 2023 é Contra Ana (Teatro do barrio), autoficción sobre a súa loita contra a anorexia dirixida por Paco Montes. Actualmente atópase en proceso de creación da seguinte, Silencio Pandora, sobre submisións químicas.



MAIO E XUÑO

RESIDENCIA DE DANZA

María Cabeza de Vaca

DO 24 AO 26 DE MAIO

E DO 31 DE MAIO AO 2 DE XUÑO

María Cabeza de Vaca é unha bailarina e coreógrafa cunha extensa traxectoria que comezou como intérprete en destacadas compañías de danza e teatro. Actualmente, comparte o seu tempo entre a interpretación para outras compañías e a creación das súas propias pezas, destacando traballos como "Una forma fácil de acabar con todo", "Cabeza de Vaca" e "Catástrofe".

Colaborou con diversos artistas, como o coreógrafo Guillermo Weickert e a artista plástica Ro Sánchez, e tamén desenvolveu pezas para espazos alternativos e museos, incluíndo colaboracións co colectivo de arquitectos Nomad Garden e o artista Abraham Hurtado para o C. Centro Negra, entre outros.

Ademais da súa actividade artística, María Cabeza de Vaca tamén ten unha extensa experiencia como docente, impartindo cursos en varias institucións e centros de formación en toda España.

Como asistente coreográfica e directora de movemento escénico, traballou con varias institucións e compañías destacadas, incluíndo o Centro Dramático Nacional, o Centro Dramático Galego, o Teatro Real, o Teatro Español e compañías como Isabel Bayón e Teresa Navarrete.

Por último, María Cabeza de Vaca ofrece un taller chamado "Verdadeiros dragóns", no que convida a profesionais, estudantes e curiosos a explorar os recursos expresivos do corpo e o potencial creativo a través do movemento. Este taller ofrece un espazo para escoitar os ritmos profundos do corpo, reflexionar sobre os límites e significados do mesmo e explorar estados enerxéticos para atopar material coreográfico.

MOSTRA FINAL

SACRA FESTIVAL 29 DE XUÑO



XUÑO

TERRITORIOS QUE CREAN

SACRA FESTIVAL

29 XUÑO **PINCELO E QUINTA SACRA**

30 XUÑO - **SAN XOAN DA COVA EN CARBALLEDO**

A 8ª edición do Sacra Festival , un Encontro de artes na paisaxe, dende este ano dá un xiro no seu formato e, ademais de seguir coas súas accións formativas interdisciplinais coas que realizamos 20 obradoiros, residencias e encontros de pensamento ao longo do ano, toma a firme decisión de descentralizar o festival e adicarlle a programación do mesmo a diferentes artistas que previamente dialogan e experimentan o seu traballo creativo nestes territorios disgregados e afastados. Adicando unha parte moi salientable aos colectivos en risco de exclusión social a quen se lles impide moitas veces o acceso á cultura de calidade pola súa localización ou clase social e económica.

Por iso, este ano o equipo do festival realiza procesos de creación e residencias previas onde os protagonistas son as comunidades, dando voz a moitas persoas que ata o de agora estaban invisibilizadas e, moitas veces, non potenciadas.

Esta parte encaixa dentro de SacraExperience nun apartado chamado “Terras habitadas” e que nós podemos nomear dalgún xeito como “Repoboación a través da cultura”.


A cultura coma motor de cambio para intervir nos territorios , sobre todo nas aldeas e lugares do interior de Lugo e Ourense.

Dentro desta programación , ademais da formación previa, planeamos programacións de artes escénicas e musicais e xornadas de pensamento colectivo para adultos e para os máis novos. Estes últimos son os que verdadeiramente poden traballar por transformar esta Galicia vaciada.

PROGRAMA

A través do apoio da Rede Museística Provincial de Lugo e a Vicepresidencia da Deputación de Lugo, este ano, no canto de centrar tódalas accións no Pazo de Tor, abrimolas a máis espazos da rede.

SACRA
FESTIVAL



25 AL **30**
DE JUNIO
2024

PINCELO · CHANTADA · SAN XOÁN DA COVA



DAVIDE SALVADO · CIBRÁN SEIXO · LAS ANTONIAS · SU GARRIDO · JORDI CORTÉS
EXPERIMENTADANZA · ALDAO LADO · MARÍA CABEZA DE VACA · JAVIER COLLADO
JANET NOVÁS · STEVEN GARCÍA · CRISTINA PET · MANU GÓMEZ NEW ORLEANS BAND

TERRITORIOS QUE CREAN

SACRA

FESTIVAL

VENRES 28

PINCELO E
QUINTA SACRA

Su Garrido.

20:30 H.
Música.

**María Cabeza de
Vaca.**

21:30 H.
Mostra do obradoiro
danza - teatro.

Cristina Pet.

23:00 H.
Piano y voz.

Steven García.

24:00 H.
Música electrónica.

SÁBADO 29

SAN XOAN DA
COVA

Janet Novas

20:30 H.
"Feeling"
Danza
contemporánea.

Aldao Lado.

21:00 H.
Música e poesía.

**Davide Salvado e
Cibrán Seixo.**

22:30 H.
"Sen Xente"
Música tradicional.

Las Antonias.

24:00 H.
Música.

DOMINGO 30

CHANTADA

Javier Collado

13:30 - 15:00 H.
C/ Leonardo
Rodríguez
Música electrónica.

**Experimentadanza
Tuétano.**

20:00 H.
Praza da Paz
Danza
contemporánea..

**Manu Gómez
New Orleans
Band.**

20:45 H.
Música.

Entradas a eventos : 25 € / día.

Entrada bono 2 días: 45 €

Domingo 30 entrada libre

www.sacrafestival.org



XULLO

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA


Impartido por David Jiménez

20 E 21 DE XULLO EN **PINCELO**

David Jiménez. Sevilla, 1970. Licenciado en Belas Artes pola UCM, desenvolve proxectos personais de fotografía dende hai máis de 25 anos en forma de libros, exposicións e audiovisuais visualizados en numerosas cidades españolas e mais do estranxeiro como Rotterdam, Arlès, Toulouse, Turín, Atenas, Seúl, Bogotá y Chongqing, entre outros. Destacan na súa traxectoria o Premio Fotógrafo Revelación en PHotoEspaña 99, o Premio das Artes da Vila de Madrid 2008, e en especial a publicación de varios libros monográficos, entre eles “Infinito” (2000), considerado coma un dos fotolibros españois máis destacados das derradeiras décadas, seguido de “Versus” (2014), “Aura” (2018) e “Universos” (2019). A súa obra encóntrase presente en numerosas coleccións públicas e privadas españolas. Imparte regularmente talleres e conferencias no ámbito nacional e internacional.

Imaxinar o mundo / O corazón dunha imaxe

A nosa experiencia sobre todas as cousas baséase na imaxinación, capaz de crear unha ensoñación de aparencia coherente á que chamamos o mundo. E as imaxes que creamos xurden desas imaxes interiores que imos incubando. Neste taller falaremos sobre como o noso punto de vista é capaz de construír o mundo, apoiándonos no traballo dun gran número de creadores/as, seguindo o rastro das súas ideas e das estratexias que seguiron para expresalas. Ademais, debatiremos como trasladar plantexamentos poéticos e conceptuais ao noso traballo fotográfico persoal.



Sesións:

Sábado de 10 a 14h e de 16 a 20h

Domingo de 10 a 14h.

XULLO

OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA

Impartido por David Jiménez

20 E 21 DE XULLO EN **PINCELO**

Temas do obradoiro:

Imaxe, pensamento e sentido. O poder da imaxe para expresar emocións e ideas: converter o subxectivo en experiencia compartida. Viaxe a través das múltiples capas de sentido e mais da complexidade que garda unha imaxe.

Elementos para construír. Falaremos de catro aspectos importantes: punto de vista, espazo, tempo e luz, e das súas posibilidades para expresar ideas dentro dun discurso persoal.

O proceso de creación. En qué fontes buscar a inspiración? Como son os nosos procesos, plantexamentos e obxectivos á hora de crear? Potenciar a nosa atención para xerar novas ideas e como converter esas ideas en imaxes.



AGOSTO

OBRADOIRO CINEMATOGRAFÍA

IMPARTIDO POR OLIVER LAXE

DO 2 AO 4 DE AGOSTO 2024 EN **PINCELO**

Óliver Laxe é actor, director e guionista. Nado en 1982 en París, creceu entre Francia, España e Marrocos. Gañador en 2010 do Premio FRIPESCI no Festival Internacional de Cine de Cannes pola súa película "Todos vosotros sois capitanes", en 2016 gañou o Premio da Semana da crítica de Cannes por "Mimosas", e en 2019 coa súa película "O que arde" foi recompensado co Premio do Xurado na sección Un Certain Regard do Festival de Cannes. "O que arde" foi tamén nominada en catro categorías dos Premios Goya de 2019.

Oliver traballa actualmente na súa carta longaometraxa, que coproduce coa productora El Deseo.

Óliver Laxe é actor, director e guionista. Nado en 1982 en París, creceu entre Francia, España e Marrocos. Gañador en 2010 do Premio FRIPESCI no Festival Internacional de Cine de Cannes pola súa película "Todos vosotros sois capitanes", en 2016 gañou o Premio da Semana da crítica de Cannes por "Mimosas", e en 2019 coa súa película "O que arde" foi recompensado co Premio do Xurado na sección Un Certain Regard do Festival de Cannes. "O que arde" foi tamén nominada en catro categorías dos Premios Goya de 2019.

Oliver traballa actualmente na súa carta longaometraxa, que coproduce coa productora El Deseo.



AGOSTO

OBRADOIRO CINEMATOGRAFÍA

IMPARTIDO POR OLIVER LAXE

DO 2 AO 4 DE AGOSTO 2024 EN **PINCELO**

Sinopse do obradoiro:

Neste taller-encontro con Oliver Laxe, o director falará da súa práctica cinematográfica poñendo coma exemplo o actual proceso de realización de *After*, a roadmovie psicodélica na que leva traballando nestes derradeiros anos. Oliver compartirá decisións e materiais cos participantes: probas de casting, ensaios con actores, brutos de rodaxe, diferentes versións de guión, localizacións, planificacións, traballo sonoro... Oliver mostrará tódos os pasos que se dan no proceso de construción dunha película, tanto os acertos coma os erros, tanto as dúbidas coma as certezas. É unha oportunidade ideal para todos aqueles cineastas que queren encontrar ferramentas prácticas e psicolóxicas para encarar os seus procesos creativos, e para todos aqueles cinéfilos que queren vivir a experiencia cinematográfica dende dentro.



SACRA EXPANDIDO

EN COLABORACIÓN
COA REDE MUSEÍSTICA
DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

XUÑO

CEREBRARTES UNHA MIRADA AO OUTRO

COMPAÑÍA 5S

25 DE XUÑO. DE 18 A 20H. **MUSEO PROVINCIAL DO MAR**

Cerebrartes é un proxecto financiado polo Concello de Santiago de Compostela para traballar dende o mes de xaneiro de 2024 ata xuño 2024 con 20 alumnos/as de diferentes entidades de entre 12 e 14 anos xunto a creadores e creadoras profesionais, de cara a explorar o maravilloso e complexo mundo das neuronas e das súas conexións que nos convirten en seres únicos.

Unha mirada ao outro, a quen moitas veces non comprendemos. Unha viaxe en clave de danza e teatro pola neurociencia nun espectáculo multidisciplinar acompañado de música en directo.



XUÑO

ENCONTRO DE CREADORES E XESTORES CULTURAIS

Terra Chea- *Practicar o rural*

26 E 27 DE XUÑO EN DÚAS UBICACIÓNS DIFERENTES **PAZO DE TOR E CINEMA PALLEIRISO**, MESMO HORARIO DE 10:30 A 19:00H.

Coordinación: Manuel Olveira

Este encontro para o noso proxecto é o máis destacado, tendo en conta os tempos tan convulsos que vivimos, sobre todo porque estamos nun neorruralismo ou transición cara a vivir en entornos rurais. Pero dentro desta Galicia baleira e destes lugares excluídos da cultura, existen moitas complexidades que non permiten unha vida cómoda e, sobre todo, unha vida en familia.

Esta loita por reconstruír estes imaxinarios, desde o que xa teñen eles, desde a mirada dos seus habitantes, a maioría de máis de 80 anos, lévao a reflexionar profundamente para lograr pouco a pouco un plan estratéxico de repoboación a través da Cultura, vendo como estes creadores son capaces de crear sinerxias e redes e ofrecer un novo rural que se pode propoñer tamén como un espazo de arte e cultura capaz de converterse nun referente de programación de artes escénicas, musicais, literarias e visuais estábeis, tanto en Galicia como no resto de España.



XUÑO

TALLER Y FUNCIÓN FEELINGS + DEBATE

JANET NOVÁS

27 DE XUÑO. OBRADOIRO DE 11 A 14H E FUNCIÓN + DEBATE DE 18 A 19 30H EN **SAN PAIO DE NARLA**

Intervención a cargo da actriz e bailarina Janet Novás, gañadora do premio Goya 2024 coma actriz revelación por “O Corno”, de Jaione Camborda.

Janet Novás, tras unha residencia previa no espazo, intervirá diferentes partes do museo para, así, realizar un espectáculo itinerante polo espazo . Este diálogo pode levarnos tamén a unha exploración do territorio e das súas xentes.

Feelings é un traballo que nunca se definiu, naceu o día dunha morte e xurdiu como un berro ou un pranto por esa perda...Desde ese momento negouse a tomar unha forma concreta e tamén se negou a morrer. Feelings é un corpo vivo que quere habitar espazos para chorar, para tomar o pranto coma un exercizo.

JANET NOVÁS

Nada en Porriño en 1982. Bailarina e actriz. Residiu en Madrid dende o ano 2001 e dende hai uns anos en Barcelona. Formouse en danza contemporánea entre Madrid, Bruselas e Berlín. No ano 2008 comeza a crear e desenvolver os seus propios proxectos. A súa obra constrúese dende a observación, a experiencia e o diálogo co seu corpo como principal ferramenta, apostando por unha linguaxe propia moldeando o contido emocional e a sencillez estética que caracterizan os seus traballos.

As súas creacións presentáronse en prestixiosos festivais nacionais e internacionais coma Rencontres Chorégraphiques, Festival de Marseille, Festival Nouvelles-Pole Sud, Cement Festival, FIDCU (Montevideo), MOV_S, TNT Dansa, Festival de Otoño a Primavera, Escenas do Cambio e Festival Bad entre outros.

Actualmente, colabora con diferentes artistas coma Pablo Esbert, Mercedes Peón e as deseñadoras de moda Zap&Buj coas que creou a súa última obra “Imaginé cinco cuerpos y ninguno era el mío”, unha produción de Veranos de la Villa 2019. Janet Novás alterna o seu labor coma bailarina e creadora co de profesora, impartindo clases e talleres en diferentes centros de España, Europa, Latinoamérica e Asia.


XUÑO

CONCERTO DE DAVIDE SALVADO E CIBRÁN SEIXO

“Sen xente”

30 DE XUÑO. **PAZO DE TABOADA**. 18:00 HORAS

Davide e Cibrán son grandes coñecedores da tradición musical galega, e co proxecto “Sen Xente” achégannos á música atlántica: música tradicional ibérica, fado, bolero e jazz; pasando polo filtro sonoro de instrumentos de corda (violins, violas, guitarras), ademais de sintetizadores e loops que nos trasladan a imaxinarios nunca antes percorridos. Unha proposta que, como indica o nome dun dos temas do seu repertorio, fala dunha «Terra sen xente» que, aínda que profundamente melancólica, é a súa vez excepcionalmente romántica.



Davide
Salvado



Cibrán Seixo



XULLO

“HABITADOS”

EXPERIMENTADANZA

4 DE XULLO. PINCELO . 20:00 HORAS

PEZA DE DANZA COMUNITARIA CON MÚSICA EN DIRECTO DE DAVIDE SALVADO E CIBRÁN SEIXO

"Habitados" fala do que nos confirma e que tamén cuestiona a invasión do noso territorio, deses lugares íntimos que ás veces son conquistados sen permiso. Unha reflexión sobre o corpo coma refuxio e coma luar de protección. A búsqueda dun lugar común entre os intérpetres que nos faga sentir coma en casa, coma seres realmente “habitados”

ELENCO: Carlota Pérez, Jordi Cortés, Davide Salvado, Cibrán Seixo, Clara López, Mikel Aristegui

FICHA ARTÍSTICA:

Dirección: Jordi Cortés e Carlota Pérez

Dirección técnica: David Rodríguez

Audiovisuais: Vivolibre films S.L.
Jorge Sierra e Manuel Mejías

Música: Davide Salvado e Cibrán Seixo.

Escenografía: EXPERIMENTADANZA

Vestuario: EXPERIMENTADANZA

Iluminación: DAVID RODRIGUEZ

Son: DAVID RODRIGUEZ

Duración: 00:55

Espectáculo inclusivo: En este trabajo participa actuando Clara López, en silla de ruedas, interactuando dancísticamente en escena.